

SAL. 006224 18.06.12 13:25

INSTRUCCIÓN VIII/2012 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos/ás traballadores/as as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez negociado co Comité Intercentros, a xerenta, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 1 de agosto de 2011 (DOG do día 18 de agosto), dispón:

1. SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO

O impreso de solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2012, cubrirase e presentarse persoalmente no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (Servizos Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

Os postos de traballo con dereito a prenda de traballo son os que se relacionan no anexo á presente instrución. Exclúense dela o persoal coa categoría de condutor e o que presta servizos en actos oficiais.

2. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 20 xuño ata o 30 de setembro do ano 2012 en horario de 9 a 14.

3. PROCEDEMENTO

3. 1. Ao/Á traballador/a entregaráselle un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3. 2. Os/As traballadores/as destinados/as en Santiago, deberán acudir co resgardo á Empresa VESLA, S.L. Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 Baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado e os/as destinados/as en Lugo serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.

3. 3. O/A traballador/a entregaralle o resgardo asinado á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do/da traballador/a solicitante.

4. OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

5. FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos/as traballadores/as e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2012

A xerenta



[Handwritten signature]
María Lourdes Batán Aira

ANEXO Á INSTRUCIÓN DE ROUPA DE TRABALLO

ROUPA TRABALLO 2012		
CATEGORÍA	Nº prendas	ROUPA DE TRABALLO
Vixiante	2	batas azuis
Persoal limpeza	2	batas azuis ou pixamas de dúas pezas
Cociñeiro/a	2 1	batas brancas ou pixamas de dúas pezas gorro de cociñeiro/a
Especialista de oficios (mantemento)	2 1	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis chuvasqueiro
Técnico en instalacións. especialidade calefactor	2 1	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis chuvasqueiro
Especialista de oficios (electricistas) e Técnico en instalacións. especialidade electricista	2 1	fundas ou traxes de mahon ou batas azuis chuvasqueiro
Especialista de oficios (Xardineiro/a)	2 4 8 1 1 1	traxes mahon verán camisas, 2 verán e 2 inverno pares de carpíns 4 verán e 4 inverno gorro ou pasamontañas traxes inverno tipo goretex (non plasticos) viseira ou chapeo
Técnico investigación da finca de prácticas.		Terá as mesmas prendas que o especialista de oficios xardineiro/a
Oficial servizos (de deportes)	2	batas azuis ou fundas ou traxes de mahón. - O que realice labores propias de xardinería, terá opción as mesmas prendas que o especialista de oficios xardineiro/a

Socorrista	2	bañadores
	1	albornoz ou toalla grande
	2	gorros de baño
	1	gafas
	3	camisetas laranxa co anagrama « socorrista »
	2	pantalóns curtos cor azul

Técnico especialista en actividades deportivas	2	chándall
	1	par de tenis ou botas de monte
	1	Anorak (impermeable e de abrigo, cada dous anos, para os que desenvolvan o seu traballo no exterior)

Mestre	2	Batas brancas ou 2 chandall
	1	Par de tenis

Técnico especialista escola infantil	2	Batas brancas ou 2 chandall
	1	par de tenis

Médico,	1	bata branca
	1	Calzado con sola antideslizante (1 par)

Diplomado en enfermería	1	bata branca
	1	Calzado con sola antideslizante (1 par)

Delineante	1	bata branca
-------------------	---	-------------

ATB, Aux. Técnico de Publicacións	2	fundas ou traxes de mahón ou batas azuis
--	---	--

ATI, OFI y Aux. Servicios Centros (*) 1 traxe de augas (EN 343) para cada conserxería de cada centro	1	funda ou traxe de mahon ou bata azul
--	---	--------------------------------------

Persoal de correos (de reparto)	2	Batas azuis
--	---	-------------

Técnico investigación do forno incinerador	2	Fundas ou traxes de mahón
	4	Camisas (2 verán e 2 inverno)
	8	Pares de carpíns (4 verán e 4 inverno)

Resp Seguridad	1	Chuvasqueiro
	1	Botas agua
Tec.Invs.Veter.	1	Traxes mahon Veran
	4	camisas, 2 verán e 2 inverno
	8	Carpíns
T.Inv.Dpto Anat. Animal	2	Traxes mahon Veran
	1	Traxe Inverno Frio/Agua
	4	camisas, 2 verán e 2 inverno
	8	Carpins (4 verán-4 inverno)
	1	Traxe de pana
Restauradorde Libros e Documentos	1	Mandil impermeable
Restaurador de arte	1	Bata
Técnico Especialista Imprenta	2	Fundas ou traxes mahon ou batas azuis
T.I, Area Biolox Saude (Medc-Odn)	1	1 par de calzado sola antideslizante